



MEMORIA DA ACTIVIDADE, IMPOSIBILIDADE DE CONCORRENCIA E ADQUISICIÓN DO ACTIVO INMATERIAL

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúe a este departamento, entre outras, as competencias en materia de relacións institucionais e parlamentarias sendo unha das liñas prioritarias desta Vicepresidencia e Consellería o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Neste contexto, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza quere fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas da Administración da Xunta de Galicia, e ten interese en que todos os actos institucionais cheguen en condicións de igualdade aos colectivos máis desfavorecidos.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas (FAXPG) é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída en 1979, inscrita no Rexistro de Asociacións co número 107 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número E-204, que ten como misión xerar as condicións, que tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas en Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

A FAXPG ven participando nos últimos anos en actos institucionais da Xunta de Galicia cuns custos elevados para a Federación en concepto de servizos e



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia

xornadas para os que foi precisa a intervención de intérprete, incluídos os gastos de desprazamento. Polo tanto a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza está interesada na colaboración conxunta coa FAXPG e comprométese a aportar a cantidade de 2000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2019.05.24.121C.640.0, como contribución á participación deste colectivo nos actos institucionais da Xunta de Galicia durante o ano 2019.

Á FAXPG non lle son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto deste convenio é colaborar conxuntamente coa FAXPG, como entidade máis representativa do colectivo de persoas xordas e xordo cegas de Galicia, no fomento da súa accesibilidade en relación coas actividades institucionais da Xunta de Galicia, garantindo que cheguen en condicións de igualdade aos colectivos máis desfavorecidos.

Por iso, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública de conformidade co previsto no artigo 11.2 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Administración Autónoma, coa sinatura do presente convenio adquire un activo inmaterial, como é a promoción dos actos institucionais e a colaboración coa accesibilidade das persoas discapacitadas.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez